



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Modelos e métodos na lingüística actual | | Código | 613836001 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Morales Lopez, Esperanza | Correo electrónico | e.morales.lopez@udc.es | |
| Profesorado | López Viñas, Xoán | Correo electrónico | xoan.lopezv@udc.es | |
| | Morales Lopez, Esperanza | | e.morales.lopez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>O obxecto desta materia é proporcionar ao estudantado unha visión das distintas vertentes e metodoloxías presentemente dominantes na investigación lingüística, ben como o treinar para o uso dalgúns dos instrumentos metodolóxicos básicos dentro dunha orientación específica. Concretamente, os obxectivos da materia son: (a) Coñecer as principais correntes teóricas sobre o estudo da linguaxe.</p> <p>(b) Analizar e interpretar textos de teoría lingüística aplicando diferentes modelos teóricos.</p> <p>(c) Diferenciar os principais modelos lingüísticos e a súa fundamentación epistemolóxica.</p> <p>(d) Desenvolver habilidades para a análise crítica das liñas fundamentais no estudo das linguas desenvolvidas nos séculos XX e XXI.</p> <p>(e) Coñecer as técnicas que integran a metodoloxía actual de investigación lingüística como parte do método científico.</p> <p>(f) Adquirir as bases metodolóxicas, terminolóxicas e teóricas de procedementos de análises lingüísticas.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A2 | Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas. |
| A3 | Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística. |
| A4 | Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |
| B6 | Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos. |



| | |
|-----|---|
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| B10 | Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster. |
| C1 | Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | |
|--|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | |
| Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, frecuentemente nun contexto de investigación e, máis ao pormenor, nun contexto de investigación lingüística. | BI1 | |
| Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. | BI2 | |
| Integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e valorizacións. | BI3 | |
| Habilitar estratexias de aprendizaxe que permitan ao alumnado continuar a estudar dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. | BI5 | |
| Adquirir coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes actuais no ámbito dos estudos lingüísticos. | BI6 | |
| Adquirir os fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar nos principais modelos teóricos da lingüística actual. | BI7 | |
| Abrir vías de investigación innovadoras no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais. | BI9 | |
| Comprender as interrelacións existentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o mestrado, nun produtivo exercicio de transversalidade entre as materias e os contidos leccionados. | BI10 | |
| Comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas, centrándose nos modelos formalistas e funcionalistas. | AI1 AI2 AI3 | |
| Xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, uso de recursos na rede etc.). | AI9 | |
| Aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de diferentes corpus lingüísticos. | AI4 | |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma (galego e español). | | CM1 |
| Pór en valor a enorme importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade, ben como, do punto de vista do individuo, a grande relevancia que posúe na súa realización persoal e laboral. | BI4 | CM8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A lingüística como disciplina | 1.1. A complexidade do obxecto de estudo 1.2. A división en subdisciplinas lingüísticas |
| 2. Ópticas no estudo da lingua e metodoloxías asociadas | 2.1. A visión formal da lingua e as súas implicacións metodolóxicas. 2.2. A visión comunicativa da lingua e os funcionalismos. |
| 3. Estudo dunha metodoloxía e as súas implicacións. | Teoría e praxe da aplicación dun modelo teórico |



| Planificación | | | | |
|------------------------|--------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A1 A2 A3 B2 B3 B5 B7 B10 | 0 | 30 | 30 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7 | 15 | 0 | 15 |
| Traballos tutelados | A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8 | 0 | 40 | 40 |
| Seminario | A9 B1 B3 B7 B10 | 5 | 0 | 5 |
| Actividades iniciais | A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8 | 10 | 40 | 50 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | As lecturas, tanto as obrigatorias como as complementares, serven para o alumnado coñecer o estado da arte sobre un tema previamente marcado polo profesor ou profesora ou para aprofundar nalgún aspecto. |
| Sesión maxistral | Sesións expositivas dos contidos da materia obxecto de estudo. Servirán para introduciren e presentaren os diferentes temas do programa, proporen cuestión para debateren e estableceren as directrices para as diferentes actividades e tarefas do curso. |
| Traballos tutelados | Trátase dunha metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudantado baixo a tutela do profesorado. |
| Seminario | Teñen como finalidade a supervisión do traballo do alumno ou da alumna no marco de grupos máis reducidos. |
| Actividades iniciais | As actividades serven para o profesorado saber, a través dun medio práctico, cal é o nivel de partida do estudantado. As actividades e prácticas que non foren iniciais teñen como principal meta que o alumnado aprofunde nun determinado tema ou aspecto dunha maneira eminentemente práctica, ben como que o estudantado aprofunde na análise de fenomenoloxías lingüísticas tamén dun modo fundamentalmente activo. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Os traballos tutelados responden a una metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudantado baixo a tutela do profesorado. Por súa vez, o seminario implica, nun grupo máis reducido, a supervisión do traballo do alumno ou da alumna. |
| Seminario | Noutra orde de cousas, poderanse adoptar as adaptacións oportunas para o estudantado con modalidades específicas de aprendizaxe. |

| Avaliación | | | |
|----------------------|--------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Actividades iniciais | A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8 | Outras actividades avaliábeis (comentarios, exercicios, lecturas etc.). | 25 |
| Traballos tutelados | A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8 | Tarefas relacionadas con cada un dos blocos do programa. | 60 |



| | | | |
|------------------|-------------------------|--|----|
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7 | Neste tipo de sesión terase en conta a asistencia e a participación. | 15 |
|------------------|-------------------------|--|----|

Observacións avaliación

Cuestións xerais:

A. O alumnado terá de entregar os traballos e exercicios no prazo fixado, os cales deberán cumprir unha exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).

B. Na segunda oportunidade de xullo, o alumnado poderá presentar unha nova versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente. No caso dunha cualificación insuficiente nas seccións relacionadas coa asistencia e coa participación, a cualificación do traballo constituirá 100% da final. Caso houberse convocatoria adiantada de decembro, serán aplicados os mesmos principios de avaliación que na de xullo.

C. O estudantado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto cos profesores a través do correo electrónico. Tamén terán de contactar co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obterer a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.

Aviso importante: Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/o mesma/o estudante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - (A) Dik, S. (1978). "Preliminaries", An introduction to functional grammar. Amsterdam: North Holland. - (A) García Gondar, F. / F. G. Rojo (2000). "A linguística no século XX", Revista Galega do Ensino, 28/2, 221-245. - (A) López García, Á. (1998). "La lingüística del siglo XXI: ¿hacia dónde se dirige la ciencia del lenguaje?". en Gallardo Paúls, B. (ed.), Temas de lingüística y gramática, Valencia, Universidad de Valencia, pp - (A) Mairal Usón, R. / F.J. Ruiz de Mendoza (2010). "La lingüística como ciencia cognitiva. Presupuestos metodológicos para una teoría del lenguaje",. en Mairal Usón, R. et al.. Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas. Madrid: UNED/Edit - (A) Martín Vide, C. (1996). "Parámetros para la reflexión sobre el lenguaje humano: a modo de introducción?". n C. Martín Vide (ed.): Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro, 11-26. - (A) Moreno Cabrera, J. C. (2018). Claves históricas de la lingüística actual. Madrid: Arco / Libros - (B) Alcaraz, E. (1990). Tres paradigmas de la investigación lingüística. Alcoy: Marfil. - (B) Butler, Christopher S. (2003). Structure and function: a guide to three major structural-functional theories. Amsterdam: John Benjamins. - (B) Cabré, M.T. / M. Lorente (2004). "Panorama de los paradigmas en lingüística?". Enciclopedia iberoamericana de Filosofía. Vol. Ciencias exactas, naturales y sociales, coordinado po - (B) Gil, J. M. (2001). Introducción a las teorías lingüísticas del siglo XX. . Santiago de Chile: RIL editores. - (B) Mairal Usón, R. et al. (2010). Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas.. Madrid: UNED/Editorial Ramón Areces. - (B) Heine, B. / H. Narrog (eds.) (2010). The Oxford handbook of linguistic analysis. Oxford: Oxford University Press. - (B) Ramallo, F. et al. (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais - (B) Sánchez de Zavala, V. (1982). Funcionalismo estructural y generativismo. Madrid: Alianza. - (C) Báez San José, V. (1988). Fundamentos Críticos de la Gramática de Dependencias. Madrid: Síntesis. - (C) Butler, C. et al. (1988). Nuevas perspectivas en gramática funcional.. Barcelona: Ariel. - (C) Calsamiglia Blancafort, H. & A. Tusón (2012). Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel. - (C) Eggins, S. (2004). An introduction to systemic functional linguistics.. New York: Continuum. - (C) Escandell, V. (1996). Introducción a la pragmática.. Barcelona. Ariel. - (C) Herrero Cedilla, J. (2006). Teorías de pragmática, de lingüística textual y de análisis del discurso. Cuenca. Universidad de Castilla-La Mancha. - (C) Ibarretxe-Antuñano, I. / J. Valenzuela (dirs.) (2012). Lingüística Cognitiva.. Barcelona: Anthropos. - (C) Machin, D. & Andrea M. (2012). How to do Critical Discourse Analysis. Londres. Sage. - (C) Moreno Fernández, F. (2012). Sociolingüística cognitiva. Propositiones, escolios y debates. Madrid: Iberoamericana. - (C) Ruiz Antón, J. C. (1998). Curso de tipología lingüística. Enfoque funcional. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I. - (C) Silva, A. Soares da. (org.) (2001). Linguagem e Cognição. A Perspectiva da Linguística Cognitiva. Braga: Ass. Portuguesa de Linguística & Universidade Católica Portuguesa. |
| Bibliografía complementaria | Lexenda: (A) Introducións, (B) Presentacións xerais, (C) Bibliografía específica. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías